

## **PROGRAMA OCULTO**

Manuel Herminio Iglesias

Paso a paso, declaración a declaración van aflorando, por se moitos non o sabían, as ideas que o presidente Feijoo e o seu partido teñen sobres cuestións que dalgunha maneira nos van afectar a todos os galegos. Deste xeito, pasado o fragor da campaña na que esa pequena franxa de electores se moveu e deu lugar a unha maioría política diferente, van aflorando as verdadeiras e ocultas intencións de quen nos goberna. Sí, van aparecendo temas que na sucia campaña nin se nomearon, nin se tocaron e si se fixo, sempre se utilizaron metáforas e suterfuxios lingüísticos para non levantar a lebre e non facer fuxir aos electores.

Pois ben, tras a entrevista concedida á Cope polo Sr. Feijoo sabemos que segundo él sería positivo abrir un debate sobre a posible privatización de TVG. Pero si desto non se falou na campaña, por qué cuestionar o traballo dunha televisión pública que, comparándoa con outras canles autonómicas, funciona relativamente ben. A qué ben esto si na campaña nada se falou do asunto. E claro, cos antecedentes que ten o PP de querer privatizar todo aquilo que sexa público, e sabedores de que o actual presidente foi quen privatizou Correos, todo parece apuntar que a única canle pública galega que ten por norma potenciar a lingua, e que aumentou a audiencia coa xestión do bipartito, está no punto de mira dos defensores do privado diante o público.

E se con estas andamos, e agora aparece un programa oculto do que nada se dixo cando había que decilo, a alerta chama polo que axiña haberá que cargar pilas e poñer o inxénio para ralentizar con sesudos agumentos este andazo que se ven enriba.

En fin que, paso a paso, imos sabendo das intencións do partido que nos goberna e que hoxe está ao fronte da Xunta. Imos coñecendo as intencións que como, no caso da lingua, somente traerán conflito e marxinación para un idioma milenario sempre machacado polo españolismo rancio que o ve como un perigo para o castelán. E con estas premisas venme á mente cando nos anos 75 e posteriores saíamos á rúa a reivindicar a potenciación dunha lingua maltratada polos gobernantes da época. Polo que saíamos a rúa e poñíamos mesas para vender libros a favor da cultura galega, era unha forma de traballar pola potenciación do idioma de Rosalía. Pero parece que camiñamos cara unha época que se me antoxa dura e bastante reaccionaria, polo que difícil vai a ser acadar un consenso neste tema tan crucial.

Supoño que o 17 de maio, día das letras galegas, terá que voltar a ser reivindicativo no senso de evitar a marxinación dun signo de identidade colectiva que sobreviviu a moitos ataques a través dos tempos. Terá que voltar a ser o día no que os que non queremos perder a nosa identidade lingüística teñamos que saír á rúa e dicilo

claramente. Hai uns días, dixeron que viñan malos tempos para a lírica. E penso que sí, aínda que confío no bo sentido de moitos galegos; confío en que moitos galegos apliquen o refrán que dicía que o saber non ocupa lugar. Que a cultura propia debe de ser motivo de orgullo. Confío en que nin os programas ocultos nin as guerras lingüísticas cheguen a bo término e todos podamos vivir como até agora se fixo con moita tolerancia e harmonía.